

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Por Resolución de Alcaldía número 2026-0175, do 24 de marzo de 2025, aprobáronse as bases reguladoras que rexerán o procedemento de selección mediante concurso dunha praza de monitor/a deportivo/a, creándose unha bolsa de emprego da que formarán parte aqueles/as aspirantes que fosen seleccionados/as, con carácter temporal por vacante.

O 31 de marzo de 2026, publicouse no «Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra» número 61 o anuncio da convocatoria, publicándose as bases íntegras no Taboleiro de anuncios da sede electrónica deste Concello (<https://meis.sedelectronica.gal>).

Rematado o prazo de presentación de instancias e en cumprimento do disposto no apartado sétimo das Bases que rexen o proceso selectivo, esta Alcaldía, no uso das facultades que ten atribuídas pola lexislación vixente, e en concreto, polos apartados g), h) e s) do artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVE:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a lista de aspirantes admitidos/as e provisionalmente excluídos/as en dito proceso selectivo, con indicación das causas de exclusión, quedando como segue:

- **ADMITIDOS/AS:**

	APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN CELGA
1	TABOADA GARCIA JAVIER	***0821**	CELGA 4
2	COSTA MACIAS IÑIGO	***2468**	CELGA 4
3	DOVAL BLANCO JUAN MIGUEL	***6461**	CELGA 4
4	MORAL CASTRO MARINA	***0065**	CELGA 4
5	MONTECELO MAHIA CRISTIAN	***8631**	CELGA 4

- **EXCLUÍDOS/AS:** Ninguén.

**SEGUNDO.-** Informar que, de conformidade co previsto nas bases da convocatoria, os/as interesados/as poderán presentar reclamacións ou emendar erros ou omisións no prazo de dous (2) días hábiles, contados dende o día seguinte da publicación desta Resolución no taboleiro de anuncios da Sede electrónica do Concello de Meis [<https://meis.sedelectronica.gal>]

**TERCEIRO.-** Rematado o prazo ditarase resolución pola que se aproba a lista definitiva, resultas as reclamacións que no seu caso se produzan, e indicárase igualmente o lugar e data da reunión e a composición do Tribunal, publicándose estes anuncios e calquera outro anuncio sucesivo en relación a este proceso selectivo no Taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Meis.



Se en calquera momento posterior á aprobación da lista definitiva, se advertise nas solicitudes inexactitude ou falsidade que fora causa de exclusión esta considerarase defecto insubsanable e resolverá dita exclusión.

Contra a exclusión na lista definitiva de admitidos e as recusacións dos membros do órgano de selección poderanse presentar reclamacións, e emendar erros ou omisións, no prazo de dous días (2) hábiles contados dende o día seguinte á publicación do anuncio contendo a mesma no Taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Meis.

**CUARTO.-** Ordenar a publicación desta resolución no Taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Meis [<https://meis.sedelectronica.gal>] e, de forma complementaria, na páxina web do Concello.

Significar que a publicación desta resolución e a exposición da lista substitúen a notificación ás persoas interesadas, en conformidade co disposto nas bases de selección aprobadas.

**QUINTO.-** Contra esta resolución, por tratarse dun acto de trámite que non decide directamente nin indirectamente o fondo do asunto, non determina a imposibilidade de continuar o procedemento, nin produce indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, non se pode interpoñer ningún recurso en virtude do que establece o artigo 112 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Sen prexuízo do dereito de presentar alegacións ou emendar defectos no prazo outorgado.

**SEXTO.-** Dar conta da presente Resolución ao Pleno deste Concello na próxima sesión ordinaria que se celebre, de conformidade co preceptuado no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Así o manda e asina a Sra. Alcaldesa– Presidenta, en Meis, na data que figura á marxe deste documento asinado electronicamente, do que a Secretaría toma razón aos únicos efectos de dar fe pública e transcripción ao Libro de Resolucións.

**DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE NA MARXE**

